

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN DA USC

(Ratificado polo Consello de Goberno do 22-03-2006)

CAPÍTULO I. PRELIMINAR

Artigo 1

O Departamento de Ciencias da Comunicación rexeráse no marco da LOU e dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela polo establecido neste Regulamento de Réxime Interno

Artigo 2

O Departamento de Ciencias da Comunicación da USC agrupa a todos os docentes e investigadores pertencentes ás áreas de coñecemento de Comunicación Audiovisual e Publicidade e de Xornalismo. Neste senso, considéranse investigadores do Departamento aqueles doutores que teñan relación contractual co mesmo coma tales.

O Departamento de Ciencias da Comunicación é o órgano encargado, en todos os centros da USC, da organización e desenvolvemento da docencia e da investigación correspondente ás áreas de coñecemento de Comunicación Audiovisual e Publicidade e de Xornalismo. Asimesmo é o encargado de ordenar, programar e impartir-la docencia de tódalas materias adscritas ás áreas que o integran.

Artigo 3

A sede do Departamento ubicarase na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Artigo 4

O Departamento de Ciencias da Comunicación estará adscrito á Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 5

Son órganos de xestión e dirección do Departamento de Ciencias da Comunicación os seguintes:

- Consello de Departamento

- A Comisión Permanente
- Director/a
- Secretario/a

Artigo 6

O Consello de Departamento estará composto por:

- Os doutores membros do Departamento.
- O profesorado e axudantes sen título de doutor a tempo completo.
- O resto de persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación e perfeccionamento, sempre que non excedan do 10% do total de membros.
- Unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do Departamento, elegida cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudiantado de primeiro e segundo ciclo e o 15% a estudiantado de Terceiro Ciclo.

Artigo 7

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- A elección do Director e, de ser o caso, a proposta ao Reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do Departamento, así como o control do seu cumprimento.
- A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.
- A formulación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do Terceiro Ciclo, e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.
- A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- A promoción do perfeccionamento da docencia.
- A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e de persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte á lexislación vixente.
- A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do

seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.

- O informe dos proxectos de tese de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses.
- Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 8

O Consello de Departamento poderá constituír comisións específicas, que funcionarán como órganos estables e permanentes, co fin de acadar un mellor desenvolvemento das súas competencias e actividades. As comisións terán como función a elaboración de informes e propostas que se someterán á aprobación do Consello de Departamento.

Artigo 9

As Comisións específicas estarán compostas por:

- O Director do Departamento
- O Secretario do Departamento
- Dous profesores titulares ou catedráticos (un da área de Comunicación Audiovisual e Publicidade e outro da área de Xornalismo)
- Dous profesores asociados (un da área de Comunicación Audiovisual e Publicidade e outro da área de Xornalismo)
- Un axudante ou bolseiro
- Un estudante de 1º, 2º ou Terceiro Ciclo

Todas as comisións serán convocadas e estarán presididas polo Director do Departamento, que poderá delegar este cometido nun membro da comisión respectiva.

Artigo 10

O Consello de Departamento reunirse por iniciativa do Director ou previo pedimento por escrito dun tercio dos seus membros tantas veces como se estime necesario. En todo caso, o Consello celebrará un mínimo dunha reunión cada trimestre. As reunións do Consello celebraranse na sede do Departamento, salvo que, por algunha razón xustificada, o Consello acorde facer algunha xuntanza noutro lugar, e serán convocadas alomenos con 48 horas de antelación.

A orde do día farase pública no momento da convocatoria e remitirase ao buzón de todos os membros do Consello de Departamento, ou por correo electrónico, no caso de que o autoricen previamente por escrito os interesados.

Artigo 11

Para a constitución do Consello de Departamento é necesaria a presenza do Director e do Secretario, ou no seu caso dos que o substitúan, e polo menos a metade dos seus membros na primeira convocatoria. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, abondará coa presenza do Director e do Secretario máis un tercio dos membros.

Artigo 12

Os acordos poderanse tomar por maioría simple dos membros presentes mediante votación a man alzada ou mediante votación segreda, sempre que o solicite algún dos membros do Consello, ou por asentimento.

Artigo 13

As actas das reunións estarán depositadas na Secretaria do Departamento e quedan a disposición de tódolos membros do Consello para a súa consulta dúas semanas despois da celebración da reunión do Consello. De tódolos xeitos, poderanse expedir certificacións dos acordos adoptados aínda que non estea aprobada a acta correspondente, facendo constar esta última circunstancia na certificación.

Artigo 14

A Comisión Permanente estará composta por:

- O Director do Departamento
- O Secretario do Departamento
- Dous profesores titulares ou catedráticos (un da área de comunicación Audiovisual e Publicidade e un da área de Xornalismo)
- Dous profesores asociados (un da área de Comunicación Audiovisual e Publicidade e un da área de Xornalismo)
- Un axudante ou bolseiro
- Un estudante de 1º, 2º ou Terceiro Ciclo

Artigo 15

Os membros da Comisión Permanente que non o sexan por razón do seu cargo elixiranos os sectores ós que representan.

Artigo 16

Son competencias da Comisión Permanente aproba-los asuntos de trámite e informar, elaborar e tramitar tódolos asuntos que lle encomende o Consello de Departamento.

Artigo 17

A Comisión Permanente reunirse por iniciativa do Director do Departamento.

Artigo 18

A Comisión Permanente quedará constituída ao estaren presentes a metade dos seus membros na primeira convocatoria. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, abondará coa presenza do Director e do Secretario máis un tercio dos membros. A orde do día deberá estar en poder de todos os compoñentes da Comisión Permanente cunha antelación mínima de dous días hábiles, excepto en situacións extraordinarias xustificadas, que se poderá convocar cunha antelación de 24 horas. A convocatoria remitirase ao buzón de tódolos membros, ou farase por correo electrónico, no caso de que o autoricen previamente por escrito os interesados.

Artigo 19

A Comisión Permanente poderá renovarse cada ano.

Artigo 20

Os acordos da Comisión Permanente adoptaranse por maioría simple dos membros presentes no momento da votación, que se realizará a man alzada ou mediante votación segreda, sempre que o solicite algún dos membros presentes.

Artigo 21

A Comisión de Doutores terá unha composición distinta ás demais comisións, xa que estará integrada por todos os Doutores que sexan funcionarios ou contratados doutores das áreas de coñecemento de Comunicación Audiovisual e Publicidade e de Xornalismo. Estará presidida polo Director e actuará como Secretario o Secretario do Departamento se fose Doutor e funcionario ou contratado doutor, ou o funcionario doutor ou contratado doutor máis novo se non o fose o Secretario do Departamento.

Artigo 22

A Comisión de Doutores terá facultades para face-las seguintes propostas ao Consello de Departamento para a súa aprobación:

Elaborar os anteproxectos e os proxectos dos programas de Doutoramento, tanto os do Departamento como os pluridepartamentais, se os houbera, para a súa tramitación á comisión correspondente.

Establecer o número de alumnos que serán admitidos nos programas de Doutoramento a cargo do Departamento.

Admisión e avaliación dos estudantes do Terceiro Ciclo, así como a concesión da suficiencia investigadora para o desenvolvemento das tarefas de investigación.

Nomeamento de titores dos alumnos de Terceiro Ciclo.

Nomeamento do coordinador dos programas de Doutoramento.

Concesión da conformidade aos proxectos de teses de Doutoramento.

Informar as alegacións que se presenten sobre as teses depositadas no Departamento durante o periodo de exposición das mesmas.

Artigo 23

A dirección do Departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor pertencente aos corpos docentes universitarios.

Artigo 24

O Director do Departamento será elexido polo Consello coa maioría absoluta dos votos na primeira votación e coa maioría simple na segunda. O Director do Departamento deberá ter adicación a tempo completo.

Artigo 25

O Director do Departamento será nomeado polo Rector da USC. O nomeamento será comunicado aos Decanos e aos Directores das Escolas onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

Artigo 26

O cargo de Director desempeñarase durante catro anos, con posibilidade de reelección. De acordo co artigo 72.3 dos Estatutos da USC, non se poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

Artigo 27

En caso de ausencia ou enfermidade, o Director será substituído, con carácter accidental, por un membro do departamento designado polo director, de acordo cos criterios especificados no apartado 2 do artigo 110 dos estatutos da USC e, no seu defecto, polo de maior antigüidade.

Artigo 28

Corresponderá ao Director do Departamento:

Presidir e convoca-lo consello de Departamento, a Comisión Permanente e as diferentes comisións que houbese.

Executar os acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.

Representar ao Departamento.

Dirixir e coordina-las actividades do Departamento.

Organizar e coordinar, de conformidade co Consello de Departamento, os medios personais e materiais dos que se dispoña, da maneira máis axeitada para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.

Resolver provisionalmente calquera cuestión urxente non prevista no regulamento, da que logo se informará ao Consello para que a ratifique, se fose necesario.

Elaborar o proxecto de presuposto e executar as previsións presupostarias.

Elaborar, con asistencia do Secretario, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo Departamento.

Informar ao Consello de Departamento dos asuntos de trámite aprobados pola Comisión Permanente.

Artigo 29

O Secretario do Departamento, que deberá ter adicación a tempo completo, nomearao o Director entre os seus profesores e axudantes.

Artigo 30

Son funcións do Secretario do Departamento:

Levantar acta das sesións do Consello do Departamento.

Expedir as certificacións que correspondan para tramitar as propostas.

Coidar do arquivo e da documentación do Departamento.

Redactar todos os escritos de carácter administrativo que lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director.

Exercer, por delegación do Director, a xefatura inmediata do Personal de Administración e Servicios especificamente adscrito ao Departamento.

Artigo 31

Cada unha das dúas áreas do Departamento poderá ter un Coordinador, que será proposto polo Director e ratificado pola maioría absoluta dos membros da súa área, en primeira volta, e pola maioría simple en segunda.

Artigo 32

O Director do Departamento non poderá exercer ao mesmo tempo de Coordinador de área.

Artigo 33

Son funcións do Coordinador de área:

Actuar por delegación do Director en todas as actividades que lle encomende relacionadas coa área.

Coordinar as actividades da área.

Reunir a área, a instancias do Director, para discutir ou informar calquera tema que se vaia tratar posteriormente no Consello de Departamento. As reunións de área só terán carácter informativo e todas as decisións ou propostas que se fagan nelas necesariamente deberán ser ratificadas no Consello de Departamento para a súa aprobación e consiguiente validez. As propostas das reunións de área poderanse someter a votación no Consello de Departamento dun xeito íntegro (votando os acordos textualmente) ou ben ser modificada a redacción de ditas propostas antes da súa votación, sempre que o solicite alomenos un tercio dos membros do Consello.

CAPITULO III. ORGANIZACION DOCENTE

Artigo 34

O Consello do Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente, e remitirá aos distintos centros interesados para a súa tramitación ao Rectorado. Así mesmo remitirá ao Rectorado a relación das materias impartidas por cada un dos seus profesores.

O reparto da carga docente farase de xeito equitativo entre todos os profesores, optimizando os recursos dispoñibles para cubrir as necesidades docentes, procurando ter en conta o perfil de cada profesor á hora de adxudicar a docencia.

Os programas das materias serán elaborados dacordo co perfil de cada asignatura,

contemplado no plano de estudos do Centro.

Os programas deberán incluír o desenvolvemento teórico e práctico das asignaturas, o sistema de avaliación e a bibliografía obligatoria e complementaria. Tamén se deberán axustar á carga docente establecida en cada materia.

Os programas das asignaturas deberánse revisar cada curso académico incorporando as novidades que permitan unha actualización constante dos contidos, así como un perfeccionamento do desenvolvemento docente das materias, tomando como referencia a observación da experiencia docente do curso anterior

Os programas deberán estar depositados no Departamento antes do inicio do periodo de matrícula para que os estudantes poidan coñecer os contidos das asignaturas antes de formalizar a matrícula.

O Departamento comunicará aos distintos centros onde imparta docencia os programas das asignaturas sobre as que ten responsabilidade, así como a relación dos profesores que se vaian encargar da docencia das asignaturas que o Departamento teña ó seu cargo.

Artigo 35

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico, sempre coa aprobación do Consello e atendendo ao presuposto dispoñible.

CAPITULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 36

O Consello de Departamento aprobará os programas plurianuais de investigación, nos que se recollerán as principais liñas de traballo dos grupos de investigación vencellados ao Departamento, os seus proxectos específicos e mailos recursos de persoal e material necesario, establecendo liñas de interés prioritario, tanto temática como metodoloxicamente, a curto, medio e longo prazo. Anualmente, o Departamento elaborará unha memoria da súa actividade investigadora.

Artigo 37

O Departamento, ou os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento. O procedemento para a sinatura de ditos contratos é o establecido no Regulamento da USC para efectuar tales actividades.

Artigo 38

Tódolos pedimentos de financiamento con cargo a fondos non universitarios deberán ser informados previamente polo Consello de Departamento.

Artigo 39

O Departamento solicitará anualmente aos seus profesores e investigadores, a través do Secretario, información sobre os seguintes asuntos:

Liñas de investigación que desenvolvan.

Datos para a actualización do seu currículo científico e académico.

Información sobre axudas recibidas para o desenvolvemento de proxectos de investigación: contía, equipos ou aparatos adquiridos, etc., co fin de actualizar dun xeito permanente o inventario de recursos materiais e científicos do Departamento.

Artigo 40

O Departamento poderá crear publicacións científicas. Estas publicacións serán coordinadas por un equipo de redacción elixido polo Consello. Tamén poderá participar noutros proxectos e publicacións que se consideren de interese.

CAPITULO V. DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Artigo 41

O Consello de Departamento elaborará os cadros de persoal docente e investigador necesarios para asumir os encargos efectuados. Para iso deberanse ter en conta os diferentes campus nos que o Departamento teña asignada a docencia, para conseguir un reparto equitativo da carga docente entre os seus profesores.

Artigo 42

As propostas de nomeamento de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a fondos dun proxecto de investigación ou a cargo de créditos xerais do Departamento serán postas en coñecemento do Consello polo investigador responsable de dito proxecto. O Consello, logo de emitir o seu informe, tramitaráas ao Rectorado.

Artigo 43

Todo o persoal docente do Departamento ten fixada a súa localización na sede do mesmo, nun horario consonte ao seu tipo de adicación docente e que se debe facer público no

taboleiro de anuncios ou na porta do despacho correspondente.

Artigo 44

Todo o persoal docente ou investigador vinculado ao Departamento está suxeito ao seu Regulamento.

CAPITULO VI. DO REXIME ECONOMICO

Artigo 46

Para atender as súas necesidades, o Departamento contará cos seguintes recursos:

Os créditos que se lle concedan nos presupostos da USC.

Os ingresos procedentes de proxectos de investigación ou de posibles contratos contemplados no regulamento da USC.

Artigo 46

Dacordo coas previsións de gasto, o Director do Departamento elaborará e presentará ao Consello o presuposto anual de ingresos e de gastos para a súa aprobación. No presuposto figurarán dous grandes grupos de gastos: os de funcionamento e os de apoio á docencia e á investigación. Os gastos de funcionamento comprenden os de mantemento, material de oficina, adquisición de libros e todos os recursos necesarios para impartir a docencia. A distribución de dita partida farase dacordo coas necesidades obxectivas de cada área de coñecemento das que integran o Departamento.

CAPITULO VII. INVENTARIO DE BENS E DE EQUIPOS

Artigo 47

Cada ano actualízase o inventario de todos os bens e equipos que pertencen ao Departamento.

CAPITULO VIII. REFORMA DO REGULAMENTO

A reforma do presente regulamento poderá ser promovida por un tercio dos membros do Consello de Departamento. Dita proposta de reforma deberá estar debidamente articulada e razoada.

Para que a reforma sexa aceptada require que obteña maioría absoluta en primeira instancia e simple en segunda. De non ser así, a proposta considerarase rexeitada, e non poderá propoñerse idéntica reforma no mesmo curso.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.